243

~~Sres D.~~ 3 marzo 1.917

Por non haberse xuntado nin-
gún dos siñores da Xunta directiva
debido á festividade do día non se
celebrou á xuntanza de hoxe.

Fria

Sres D.: — 6 marzo 1.919 — 514

Anxel Ramos
Manuel Lousa
Lois Ares
Xosé Babío
Agustín Novo
Manuel V. Gómez
José Vía Golpe

Coa asistenza dos siñores que no marxen se espresan tivo efeito á xunta extraordinaria di hoxe convocados pol-o presidente accidental D. Anxel Ramos.

Douse conta dos ingreso líquido producido pol-a vellada efeutuada ó 28 do mes derradeiro, cuyo importe de Ptas duascentas catorce con setentaécinco céntimos ingresaron en Tesourería.

Seguidamente douse conta por D. Anxel Ramos d-unha invitación verbal que recibeu do siñor Presidente do Comité Republicano d'ista cibdade pra que ista sociedade en unión do comité citado é das sociedades Obreiras contribuyan á organización d-un mitin de protesta contra á administración actual do Axuntamento d'iste pobo, o que foi acordado por unanimidade así como cooperar en todos cantos actos anticaciquiles sexa necesario efeutuar.

De todo ó cal eu, coma Segredario certifico

J. Vía

ARQUIVO MUNICIPAL BETANZOS

— 10 marzal 1.919 —

Por non haberse reunido siñores da Directiva non se efeituou a xuntanza d'ho-
Jtia

Sres
Ramos
Novo
Babío
Vialgolpe Gerpino

— 17 marzal 1.919 —

Coa asistenza dos siñores espresados ô marxen tivo efeito a Junta d'hoxe.

Enterouse pol-o siñor Ramos como presidente acidental da situación da campaña anticaciquil comenzada acordándose continuala até que se consiga un resultado beneficioso pra iste pôbo.

Do cal certifico

Vialgolpe

ARQUIVO MUNICIPAL BETANZOS

8117

Sres D.:
Anxel Ramos
M. Lousa
Agustín Novo
J. Viaz López Secretario

— 24 marzal 1919 —

Coa asistencia dos siñores espresados no márxen efeutuouse a sesión d'hoxe.

Siguense enterándose da situación da campaña emprendida contra a falta de celo do Concello Municipal betanceiro. Dou conta o siñor Ramos do mitin efeituado no dia d'onte e d'haber dimitido a corporación Municipal en preno, pol-o cal dempois d'acordado pol-as tres entidades que van ô frente d'ista campaña popular, habia asistido en representación d'ista Irmandade a unha entrevista co siñor Gobernador d'ista provincia, o siñor Anxel-Ramos, para pedirlle que admitira a dimisión dos concexales d'iste municipio, ó cal contestou o siñor Gobernador que atendería a petición dos commisionados da Federación Obreira, Comité Republicano é Irmandade da Fala procurando resolver, do xeito mais convenente ôs intereses do probo, iste asunto.

Seguidamente acordouse que o Segredario presente a memoria, pra lér na xuntansa xeral do 1º d'Abril próximo, que ha de celebrarse pra elección de nova Directiva, o próximo lunes. Acordouse tamén facer a correspondente convocatoria pra xunta xeral.

De todo o cal certifico

J. Viaz López

Sres D.:

Anxel Ramos
Manuel Lousa
[illegible]

— 31 marzal 1.919 —

Coa asistencia dos siñores espresados no marxen celebrase a xuntanza d'hoxe.

Presentada por min, segredario, a Memoria que ha de lerse na Asamblea xeral de mañán, foi aprobada por unanimidade.

Din conta, seguidamente, de haber feito a convocatoria correspondente.

De todo o cal, certifico.

[illegible]

19

3 ~~marzo~~ abril 1.919

Non habéndose efeituado a xuntanza a que se convocou para o día 1º do corrente mes, por falta de número suficiente de siñores irmáns, celebrouse hoxe en virtude de segunda convocatoria cóa asistenza d'un mediado número d'irmáns.

Logo d'aberto o aito pol-o presidente, D. Anxel Ramos, e despois de lida a convocatoria, procedeuse a leitura da Memoria da labor efeituada pol-a autual Xunta Diretiva dende o tempo que leva rexindo esta Irmandade. Posta a discusión, fixo uso da palabra o siñor Gómez Casal, quen, en nome de varios irmáns, fai constar que non están conformes c'a aituación d'esta Xunta na campaña emprendida contra do caciquismo a cuias manifestaciós adhírense tamén, os siñores López, Latorre, González e outros quenes fan constar que coidan que, ó seu xuicio, os siñores representantes d'as outras entidades que tomaron parte no movimento contra da mala administración do municipio, ou algún d'eles, estaban inducidos por determiñados grupos de caciques decadentes. Fixo uso da palabra para contestar-lles o siñor Ramos, quen, detenidamente espuxo as razós porque tomáramos parte n'iste movimento e a autorización que concede o regramento á Diretiva para istes aitos; e no referente ó dito público sóbor da intelixencia c'os ises elementos mais ou menos caciquís, fixo constar que consideraba equivocadas tais manifestaciós por canto, todos cantos oradores fixeron uso da palabra no mitin, combatiron a política de todos os elementos de indole ca-

eiquil que esisten n'iste pôbo. Para seguir flaqueando cárregos sôbor d'iste asunto se entron usando da palabra varios siñores dos antes mentados. Contestoulles o Siñor Ramos desvirtuando con atinadas palabras os cárregos infundados d'aqueles siñores. Fixeron uso da palabra defendendo, tamén, a actuación da Directiva, os siñores Lousa, Ares (D. Luis) e D. J.) é Via. Considerando o siñor Presidente suficientemente discutida a actuación da Directiva n'iste asunto por haber consumido, tódolos siñores que fixeron uso da palabra os tres turnos que concede o regramento, foi aprobada por aclamación e coa conformidade d'os siñores qu'habian feito uso da palabra para combatil-a.

Seguidamente, procedeuse á eleición da Xunta Directiva qu'ha de rixir ista Irmandade d'ende Mayo próisimo até o mesmo mes de 1.920, según o ordeado no Regramento, quedando elexida por votación segreda e en marria do xeito que sigue: Conselleiro 1º, D. Anxel Ramos Lacaba; Conselleiro 2º, D. Xosé Ferreira Acevedo; Segredario, D. Luis Ares Castro; vice-segredario, D. Paulino Naveira; Tesoureiro, D. Antón García Méndez; Contador, D. José Via Golpe; Bibliotecario, D. Xaime Costas Peláez; Vocás: D. Manoel Roel Vidal, D. Emilio Fariñas Souto, D. Agustín Novo Maceiros, D. Xosé Ramos Lacaba e D. Xosé Babío Teijeiro.

Despois de todo o cál, douse por terminado o acto de que certifico

José Via Golpe

— 7 Abril 1919 —

Sres D:
Xosé Ferreira
Anxel Ramos
M. Lousa
Lois Ares
Agustín Novo
Xosé Via Gobe

Cá asistenza dos siñores indicados ô marxen efeituouse a xuntanza d'hoxe.

Cambiáronse impresiós sobor da derradeira Xunta xeral acordándose efeituar outra, para dar posesión a nova Xunta Direitiva, o próisimo catro de mayo, primeiro dia festivo do mes en que debe efeituarse ista xunta según ordea o regramento.

Acordouse: faguer un cadro ô dibuxo, busto de Porteiro, regalado a ista Irmandade pol-o irman Manoel Crestar; mercar duas escupideiras; é faguer un cadro para espoñer as ordes da Direitiva.

Don conta o siñor Ramos d'haber recibido, con fecha 5 do corrente, como presidente accidental n'aquela data, un oficio do da Cociña Económica solicitando a orgaización d'unha velada teatral pol-o cadro de declamación d'ista Irmandade a beneficio d'aquela Institución, ô cal había contestado con outro manifestándolle que xa estaba proiectado isto pol-o dito cadro, dándose por entrados, e desiñando ô siñor Ares Miramontes é Ferreira para levar a cabo, co cadro, a orgaización d'iste aito.

E non habendo mais asuntos de que tratar douse por rematado o aito del que certifico.

Via Gobe

Sres: — Abril 28 do 1.919

Ramos
Ares
Babío
Novo
Vía

Côa asistencia dos siñores espresados ô marxen efeitouse a sesión d'hoxe ficando acordado o que sigue:

Mercar un libro de actas cô ouxeto de legalizalo debidamente a partir do próisimo día 4 en que se constituirá legalmente ista Irmandade.

Douse conta do resultado da velada efeituada o sábado derradeiro a beneficio da Cociña Económica d'ista cibdade ficando enterados.

Acordouse convocar regramentariamente para o próisimo día catro, a hora (?) prâ toma de posesión da nova xunta.

Vía

21 maio 1.917

Reunidos os señores que compoñan o Consello Directivo e os elexidos verdadeiramente ca-a maoría dos irmáns a nova Xunta, tomar posesión, en pleno, da Comisión Directora d'esta sociedade.

J. Vía